

Universidade de Vigo



Escola de
Enxeñaría
Industrial

Vista a Resolución Reitoral do 30 de maio de 2018, pola que se publica a convocatoria de matrícula da Universidade de Vigo para o curso 2018/2019 para as ensinanzas de grao e titulacións a extinguir e convocándose prazas específicas para o curso de adaptación o grao na Escola de Enxeñaría Industrial, sendo delegada a súa Resolución nos decanos e directores dos centros,

ESTA DIRECCIÓN RESOLVE:

Facer pública a listaxe definitiva das persoas admitidas para realizar a matrícula de acordo co establecido no apartado 2.7 da convocatoria de matrícula. Os alumnos poderán matricularse do 07 ao 27 de agosto. Unha vez rematado o período de matrícula se houbera prazas vacantes, efectuaranse chamamentos cada 3 días, convocándose os alumnos da lista de espera.

As solicitudes de recoñecemento de créditos por experiencia profesional presentaranse ata o 31 de agosto e serán resoltas antes do 30 de setembro. A experiencia debe ser debidamente acreditada pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e estará relacionada coas competencias inherentes o título oficial códigos 01 e 02, non computarase se é inferior a 5 anos. O recoñecemento efectuarase en materias que o estudiante non deberá cursar ata un máximo de 18 créditos, non incorporándose cualificación, polo que non computarán a efectos de valoración do expediente académico.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderán interpoñer recurso ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Así e todo, os interesados/as poderán optar por interpor contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á notificación da presente Resolución, perante o mesmo órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo, ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interpuesto, segundo o previsto no artigo da Lei 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, 6 de agosto de 2018

O DIRECTOR DO CENTRO,



Asdo.: Juan E. Pardo Froján